

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE OUTUBRO DE 2013**



ÍNDICE

1	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	3
2	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	4
3	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	6
4	TEMPERATURA	9
4.1.	Temperatura mínima media mensual.....	10
4.2.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 Outubro.....	11
4.3.	Evolución da temperatura media no período 1961-2013.....	15
5	PRECIPITACIÓN	16
5.1.	Precipitación acumulada mensual Outubro 2013	16
5.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	17
5.3.	Días de chuvia en Outubro de 2013.....	18
5.4.	Evolución da precipitación en Outubro de 2013	20
6	VENTO	21
7	RADIACIÓN SOLAR	25
7.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	25
7.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	26
8	RAIOS.....	27

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 15/11/2013



Mes húmido e cálido, con temperaturas mínimas elevadas.

1 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de outubro estivo caracterizado en xeral pola presenza de baixas presións no Atlántico e ventos do suroeste. Por isto, as condicións meteorolóxicas estiveron caracterizadas polas chuvias, pero tamén polas temperaturas elevadas, particularmente no caso dos valores mínimos.

Precisamente, os primeiros 4 días do mes tiveron exactamente esta situación, cunha baixa ao oeste de Irlanda que deixou temperaturas suaves, pero tamén moitas nubes e chuvias xeneralizadas, sendo a xornada na que se contabilizaron máis precipitacións a do día 2. Nese episodio as temperaturas foron elevadas, quedando en xeral as mínimas no entorno dos 15°C e as máximas lixeiramente por debaixo dos 20°C, aínda que puntualmente incluso superouse este valor.

Esta situación cambiou na xornada do 5, cando un centro de altas presións achegouse a Galicia dende o sur, deixando polo tanto unha atmosfera máis estabilizada e propiciando tempo seco. Este episodio estable estendeuse durante 8 días, entre ese día 5 e o día 12. En xeral foron xornadas de tempo seco e, dado que o anticiclón chegaba dende o sur, con temperaturas cálidas durante o día. As máximas superaron en xeral os 20°C durante este período, quedando en moitos puntos incluso por riba dos 25°C. As temperaturas nocturnas loxicamente foron descendendo durante o período e na segunda metade do mesmo estiveron por debaixo dos 10°C no interior, polo que a oscilación térmica superaba nalgúns casos os 20°C.

Este período de estabilidade rematou na xornada do 13 co achegamento de novos centros de baixas presións dende o Atlántico. Nas xornadas do 13 e do 14 as chuvias non foron moi cuantiosas, aínda que si foron xeneralizadas; pero as dúas seguintes xornadas si viviron intensas precipitacións en toda a Comunidade. Neses días as máximas descendieron, manténdose de tódolos xeitos en valores normais, pero as mínimas volveron a ascender, marcando valores altos.

A xornada do 17 tivo unha melloría transitoria na que apenas se rexistrou precipitación, pero a partir do 18 as baixas presións, os sistemas frontais e os ventos do suroeste volveron a dominar a situación meteorolóxica e ata o día 25 tivemos chuvias, ventos do suroeste e temperaturas suaves.

Dentro deste período destacan as xornadas do propio día 18 e o 21, cando dúas fronteiras moi activas deixaron chuvias de forte intensidade. Compre deterse na xornada do 21 cando as chuvias superaron os 100 mm acumulados durante a xornada, con máximos deuvia que durante a tarde chegaron a superar os 20 mm nunha hora.

Os días 26 e 27 foron algo máis tranquilos, con nubes, pero sen apenas precipitacións, unicamente chuvias febles e ocasionais en puntos do oeste.

No día 28 tivemos un temporal, principalmente de vento, durante a madrugada e primeiras horas da mañá. As chuvias tamén foron cuantiosas na primeira metade desa xornada, pero non son comparables aos valores rexistrados o día 21. Este temporal foi ocasionado por una cicloxénese explosiva (*Christian*), que afortunadamente se moveu cara ao norte, deixando tempo moi adverso en puntos de Europa occidental.

Nas tres derradeiras xornadas do mes seguíronse rexistrando chuvias e ventos de suroeste, pero xa de menor intensidade, predominando incluso o tempo seco e con algúns claros nas xornadas do 30 e 31.

2 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nas anomalías de presión, tanto en superficie (figura 1) como en 500 hPa (figura 2) pode verse a forte anomalía negativa no Atlántico, ao norte dos Azores. Isto quere dicir que as presións foron máis baixas do agardado nesa zona, e polo tanto a presenza de borrascas foi frecuente. Estas borrascas foron as responsables das chuvias por riba da media, pero tamén de que as temperaturas fosen suaves, posto que tamén achegan ventos do suroeste.



Anomalías de presión a nivel medio do mar. Outubro 2013




Figura 1: Anomalías de presión en superficie, Outubro de 2013.

Anomalías de xeopotencial en 500 hPa. Outubro 2013




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa, Outubro de 2013



3 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (Coruña, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1971-2000, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI).

O valor climático corresponde co promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou Maior a 1 mm.

A CORUÑA

	OUTUBRO 2013	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
T ^a media	17.4	15.7	18.4 (1997)	12.6 (1974)
T ^a mínima media	14.1	12.6	15.3 (1997)	10.2 (1974)
T ^a mínima absoluta	8.0 (día 30)	6.0 (19/10/1992)		
T ^a mínima máis alta	18.5 (día 1)	19.7 (07/10/2012)		
T ^a máxima media	20.8	18.7	21.5 (1997)	15.0 (1974)
T ^a máxima absoluta	23.9 (día 1)	31.5 (02/10/2011)		
T ^a máxima máis baixa	17.6 (día 29)	12.0 (27/10/1976)		
Precipitación acumulada	225	81-107	309 (1990)	0 (1941)
Días de chuvia (≥1mm)	16	12	23 (1960)	0 (1941)

Comentario: Nesta localidade as elevadas temperaturas fixeron que o mes resultase moi cálido en xeral para todas elas.

A precipitación rexistrada estivo moi por encima do rango de valores normais, quedando o mes moi húmido. Isto tamén reflectiuse no número de días de chuvia, superiores ó valor climático agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1931-2013 Temperatura: 1948-2013

**SANTIAGO**

	OUTUBRO 2013	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	15.8	14.7	17.4 (1997)	12.3 (1992)
Tª mínima media	12.3	10.5	13.2 (1997)	8.5 (1992)
Tª mínima absoluta	3.0 (día 30)	-0.5 (18/10/1992)		
Tª mínima máis alta	16.8 (día 1)	18.7 (10/10/1997)		
Tª máxima media	19.2	19.0	22.7 (2011)	16.0 (1992)
Tª máxima absoluta	25.3 (día 7)	31.9 (13/10/2011)		
Tª máxima máis baixa	15.2 (día 31)	11.5 (25/10/2003)		
Precipitación acumulada	464	146-180	604 (1987)	3 (2007)
Días de chuvia (≥1mm)	19	14	23 (1987)	1 (2007)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta a temperatura media, mentres que tendo en conta a mínima o mes considérase moi cálido. Porén, para a temperatura máxima o mes considérase normal.

A precipitación rexistrada foi moi superior ó rango de valores normais, quedando o mes moi húmido. O número de días de chuvia tamén foi moito máis alto que o climático.

* Valores climáticos 1982-2000. Precipitación:1982-2013. Temperatura: 1982-2013

LUGO

	OUTUBRO 2013	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	14.7	13.1	15.4 (1994)	9.3 (1974)
Tª mínima media	10.1	8.6	10.8 (1994)	5.5 (1974)
Tª mínima absoluta	2.4 (día 31)	-2.0 (19/10/1980)		
Tª mínima máis alta	15.8 (día 1)	19.0 (25/10/1988)		
Tª máxima media	19.3	17.7	23.1 (2011)	13.2 (1974)
Tª máxima absoluta	24.9 (día 7)	31.7 (12/10/2011)		
Tª máxima máis baixa	14.6 (día 29)	7.0 (26/10/1976)		
Precipitación acumulada	181	97-120	367 (1987)	10 (1985)
Días de chuvia (≥1mm)	18	12	24 (1987)	2 (2007)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas media e mínima, mentres que foi cálido para a máxima.

A precipitación rexistrada foi superior ó rango de valores normais resultando un mes moi húmido, no que o número de días de chuvia tamén foi moi elevado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1967-2013. Temperatura: 1966-2013

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	OUTUBRO 2013	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	17.2	15.0	17.8 (1989)	11.6 (1974)
Tª mínima media	13.4	10.1	12.9 (1997)	6.7 (1974)
Tª mínima absoluta	4.7 (día 30)	1.2 (31/10/1974)		
Tª mínima máis alta	17.2 (día 1)	19.0 (02/10/2001)		
Tª máxima media	20.9	20.0	23.8 (1989)	16.4 (1974)
Tª máxima absoluta	26.4 (día 10)	33.3 (14/10/2011)		
Tª máxima máis baixa	17.1 (día 29)	10.8 (12/10/1972)		
Precipitación acumulada	275	158-200	596(1987)	5 (2007)
Días de chuvia (≥1mm)	18	12	24 (1987)	2 (1970)

Comentario: Igual que no caso anterior, temos un mes moi cálido tendo en conta a temperatura media e mínima, mentres que foi cálido para a máxima.

A precipitación rexistrada superou o rango de valores normais, resultando un mes moi húmido. O número de días de chuvia tamén foi elevado con respecto ó valor climático agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación: 1958-2013. Temperatura: 1958-2013

OURENSE

	OUTUBRO 2013	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	16.7	15.1	18.1 (1997)	11.6 (1974)
Tª mínima media	11.5	9.2	12.5 (1981)	4.9 (1974)
Tª mínima absoluta	4.3 (día 31)	-2.0 (31/10/1974)		
Tª mínima máis alta	16.1 (día 16)	19.6 (10/10/1997)		
Tª máxima media	22.0	20.9	25.9 (2011)	17.8 (1987)
Tª máxima absoluta	26.9 (día 7)	34.3 (12/10/2011)		
Tª máxima máis baixa	16.2 (día 30)	10.8 (22/10/1987)		
Precipitación acumulada	207	70-89	282 (1987)	5 (1974)
Días de chuvia (≥1mm)	16	10	24 (1987)	2 (2007)

Comentario: Mes cálido tendo en conta a temperatura máxima e moi cálido para a mínima e a media.

A precipitación rexistrada foi moi superior ó rango de valores normais así como, o número de días de chuvia tamén superou ó valor climático agardado, polo que o mes considérase moi húmido.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación: 1973-2013. Temperatura: 1972-2013



4 TEMPERATURA

O mes caracterizouse en xeral por unha anomalía positiva nas temperaturas, é dicir, en xeral foi máis cálido do que lle correspondería a un mes de outubro. A anomalía obsérvase tanto nos valores mínimos como nos máximos, aínda que é máis notable nas mínimas debido á persistencia de xornadas de ceos cubertos, alta humidade e ventos do suroeste que non permiten que as temperaturas descendan durante a madrugada, quedando polo tanto moi por riba dos valores climáticos.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de outubro de 2013.



4.1. Temperatura mínima media mensual.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de Outubro de 2013.



4.2. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 Outubro.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de Outubro respecto ao período 1971-2000.



A táboa 1 mostra as anomalías positivas máis destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1971-2000. Foron moi diversas as localidades que rexistraron estas anomalías.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1971-2000		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Begonte	Lugo	2.6
Tui	Pontevedra	2.6
Guitiriz	Lugo	2.5
Gondomar	Pontevedra	2.5
Rábade	Lugo	2.3
Vilaboa	Pontevedra	2.3
Maceda	Ourense	2.2
Outeiro de Rei	Lugo	2.2
Cedeira	A Coruña	2.2
Mondoñedo	Lugo	2.2

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de Outubro de 2013.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1971-2000		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Gudiña (A)	Ourense	0.7
Mezquita (A)	Ourense	0.8
Pobra do Caramiñal	A Coruña	1.0
Porto do Son	A Coruña	1.0
Viana do Bolo	Ourense	1.0
Xove	Lugo	1.0
Vilanova de Arousa	Pontevedra	1.0
Ribeira	A Coruña	1.0
Meis	Pontevedra	1.0
Vilariño de Conso	Ourense	1.0

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de Outubro de 2013.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas nos concellos galegos, con respecto ao período climático 1971-2000. A comarca de Viana presentou anomalías positivas inferiores a 1 °C, sendo as máis baixas da Comunidade.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de Outubro de 2013 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As xornadas do 7 e 8 de outubro foron especialmente calorosas.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2013				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
07/10/2013	Millara	Ferreira de Pantón	Lugo	29.7
08/10/2013	Remuíño	Arnoia	Ourense	28.9
08/10/2013	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	28.7
08/10/2013	Simes	Meaño	Pontevedra	28.3
08/10/2013	Areas	Tui	Pontevedra	28.3
08/10/2013	Entenza	Salceda de Caselas	Pontevedra	28.0
08/10/2013	Cequeliños	Arbo	Pontevedra	27.7
01/10/2013	Lourenzá	Lourenzá	Lugo	27.7
08/10/2013	A Granxa	Ponteareas	Pontevedra	27.4
08/10/2013	Verín-Vilela	Verín	Ourense	27.3

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de Outubro de 2013 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2013				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
08/10/2013	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	24.5
08/10/2013	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	22.7
08/10/2013	Xurés	Muiños	Ourense	21.7
08/10/2013	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	20.9
08/10/2013	Corzos	A Veiga	Ourense	20.3
08/10/2013	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	19.6
08/10/2013	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	19.6
08/10/2013	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	19.5
09/10/2013	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	19.3
09/10/2013	Ancares	Cervantes	Lugo	18.8

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de Outubro de 2013 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de Outubro de 2013 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Nas derradeiras xornadas do mes rexistráronse as temperaturas máis baixas.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2013				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
29/10/2013	Xares	A Veiga	Ourense	-1.8
29/10/2013	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-1.5
30/10/2013	Corzos	A Veiga	Ourense	-1.4
29/10/2013	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-1.1
30/10/2013	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	-0.8
30/10/2013	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	0.2
30/10/2013	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	0.2
29/10/2013	Ancares	Cervantes	Lugo	0.7
30/10/2013	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	1.1
30/10/2013	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	1.2

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de Outubro de 2013 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2013				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
30/10/2013	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-3.6
31/10/2013	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	-1.9
31/10/2013	Tioira	Maceda	Ourense	-1.8
30/10/2013	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	-1.5
31/10/2013	Verín-Vilela	Verín	Ourense	-1.4
30/10/2013	Baltar	Baltar	Ourense	-1.4
30/10/2013	Montederramo	Montederramo	Ourense	-1.2
30/10/2013	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	-1.1
31/10/2013	Oímbra	Oímbra	Ourense	-0.6
30/10/2013	Lanzós	Vilalba	Lugo	-0.5

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de Outubro de 2013 altitude inferior a 1000m.



4.3. Evolución da temperatura media no período 1961-2013.




Figura 6: Evolución da temperatura media ó longo do período 1961-2013 para Outubro.




Figura 7: Anomalía da temperatura media ó longo do período 1961-2013 para Outubro.



5 PRECIPITACIÓN

O mes resultou moi húmido en toda a Comunidade con cantidades en xeral moi por riba das agardadas. Tamén o número de días de chuvia foi superior ao normal, aínda que neste caso a anomalía non é tan notoria como na cantidade. Esta anomalía débese á forte actividade dalgún dos sistemas frontais que pasou por Galicia durante este mes, destacando claramente o da tarde do día 21. O total acumulado en moitos puntos de Galicia supera incluso o dobre do agardado.

5.1. Precipitación acumulada mensual Outubro 2013




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de Outubro de 2013.



5.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1971-2000 do mes de Outubro de 2013.



5.3. Días de chuvia en Outubro de 2013

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 16. Os valores máximos obtivéronse principalmente nas Rías Baixas e Costa da morte, nos que se acadaron valores de 20 días. Os valores máis baixos correspondéronse á comarca da Limia e á Mariña Oriental no que o número de días de chuvia tivo valores de 12.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m² durante o mes de Outubro de 2013.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de Outubro.

Precipitacións acumuladas máximas en outubro de 2013			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m²)
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	575
Muralla	Lousame	A Coruña	573
Costa	Rois	A Coruña	566
Paramos	Val do Dubra	A Coruña	554
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	522
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	520
Coto Muiño	Zas	A Coruña	486
Cespón	Boiro	A Coruña	482
Santiago-EOAS	Santiago de Compostela	A Coruña	464
Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	439

7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de Outubro de 2013.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m²)	Instante de inicio (UTC)
Paramos	Val do Dubra	A Coruña	165	20/10/2013 22:40
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	136	21/10/2013 4:20
Fornelos	Fornelos de Montes	Pontevedra	132	21/10/2013 17:20
Lesende	Lousame	A Coruña	132	21/10/2013 1:30
Louredo	Mos	Pontevedra	123	21/10/2013 13:20
Cespón	Boiro	A Coruña	118	14/10/2013 18:40
Ordes	Ordes	A Coruña	117	21/10/2013 13:40
Costa	Rois	A Coruña	116	20/10/2013 23:50
EOAS	Santiago de Compostela	A Coruña	108	21/10/2013 10:00
Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	105	21/10/2013 10:30

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de Outubro de 2013.



5.4. Evolución da precipitación en Outubro de 2013




Figura 11: Evolución da precipitación acumulada en Outubro respecto ó período 71-00.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en Outubro respecto ó período 71-00.











6 VENTO

Na táboa 9 móstranse aquelas estacións meteorolóxicas nas que se rexistraron máis de 100 km/h neste mes de outubro. Na xornada do día 21 foron moitas as localidades nas que se rexistraron fortes ventos.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en outubro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
21/10/2013	A Gándara	Vimianzo	A Coruña	142.7
24/10/2013	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	136.9
21/10/2013	Castro Vicaludo	Oia	Pontevedra	134.9
27/10/2013	Burela	Burela	Lugo	131.8
21/10/2013	Muralla	Lousame	A Coruña	129.8
28/10/2013	Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	129.6
21/10/2013	Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	125.5
21/10/2013	Punta Langosteira	Arteixo	A Coruña	120.3
21/10/2013	Lira	Carnota	A Coruña	119.8
22/10/2013	Ancares	Cervantes	Lugo	114.6
21/10/2013	Xares	A Veiga	Ourense	111.3
21/10/2013	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	111.2
03/10/2013	Fragavella	Abadín	Lugo	107.1
21/10/2013	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	106.5
21/10/2013	Ons	Bueu	Pontevedra	102.0
21/10/2013	Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	101.2
21/10/2013	Río do Sol	Coristanco	A Coruña	100.8
21/10/2013	Vigo-Campus	Vigo	Pontevedra	100.0

Táboa 9: Refachos máximos superiores ós 100 km/h en outubro de 2013.



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	119.8	S	7		
		Día 21				
Pta. Candieira	Cedeira	129.6	SO	3		
		Día 28				
Malpica	Malpica	84.9	SO	2		
		Día 27				
Río do Sol	Coristanco	100.8	S	2		
		Día 21				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de Outubro de 2013 na provincia de A Coruña.



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	131.8	S	6		
		Día 27				
Ancares	Cervantes	114.6	S	12		
		Día 22				

Táboa 11: Resumo vento no mes de Outubro de 2013 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	90.0	SO	9		
		Día 21				
Rodicio	Maceda	84.4	SO	7		
		Día 21				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	64.3	SO	29		
		Día 21				

Táboa 12: Resumo do vento no mes de Outubro de 2013 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	101.2	S	10		
		Día 21				
Ons	Bueu	101.9	S	4		
		Día 21				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de Outubro de 2013 na provincia de Pontevedra.



7 RADIACIÓN SOLAR

7.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de Outubro de 2013.



7.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.



8 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou un total de 1282 raios en Galicia. Entre as once xornadas nas que se rexistraron raios en Galicia, destaca a do día 2 con 727 raios.

Na figura 15 móstrase a distribución dos raios neste mes




Figura 15: Número de raios rexistrados en Galicia en Outubro de 2013.

A continuación móstrase este número de raios distribuído por provincias.




Figura 16: Número de raios rexistrados por provincias en Outubro de 2013.